



REUNIÓN TÉCNICA

**VIII TRIATLÓN CONCELLO DO
PORRIÑO**

TUI-PORRIÑO

27/05/2023

LOCALIZACIÓN E SERVIZOS -PORRIÑO



LOCALIZACIÓN E SERVIZOS -TUI



ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- Só poden acceder ás áreas de competición as persoas acreditadas:
 - * Deportistas inscritos/as
 - * Persoal técnico acreditado
 - * Organización
 - * Oficiais

PRESENTACIONES E CIRCUÍTOS

- Persoas clave:

Delegada Técnica: Mónica Flores

Xuíza Árbitro: Ángel Prado

- Xurado de Competición

Delegado Técnico: Mónica Flores

Federación Galega: Javier Campos

Representante Clubs: CT Mar de Vigo

- Circuitos e Distancias :

Natación: 750 m (1 volta)

Bicicleta: 20,2 km (1 volta)

Carreira: 5000 m (2 voltas)

HORARIOS

- **13:30 -15:15** Recollida de dorsais (Centro Cultural Porriño)
- **14:30 a 15:30** Control Material T2 (Porriño)
- **15:30** Autobús de traslado de deportistas de T1 ata Tui
- **15:15 a 16:15** Control Material T1 (Comandancia Naval Tui)
- **16:20** Cámara de chamadas
- **16:30** Saída masculina
- **16:35** Saída feminina
- **18:00** Duchas no Pabillón Municipal
- **18:30 horas** Entrega de bolsas da T2 no Centro Cultural
- **18:45 horas** Entrega de trofeos (hora aproximada)

RECOMENDACIÓNS TÉCNICAS DE SEGURIDADE

NATACIÓN E USO DE NEOPRENO

- Regulamento.- **o uso do neopreno ven determinado pola temperatura da auga medida 1 hora antes** do comezo da proba. Existen uns tempos de seguridade máximos de estancia na auga que debemos respectar e quen os supere será retirado/a da auga. **Art.4.2.- ata 31º o tempo máximo de estancia na auga é de 30 minutos.**
- A temperatura da auga está nestes días entre 17º e 18º - **probabilidade uso de neopreno opcional**. Sendo esta unha **proba popular**, na que gran número de participantes non ten costume de nadar en augas abertas e que haberá incidencia alta de corrente enfrontada no largo de saída polo momento da marea, senon eres experto na natación en augas abertas, **RECOMÉNDASE O USO DE NEOPRENO por razóns de seguridade e correntes.**
- Non se permite levar o **peito** descuberto en ningún momento, durante a natación deberá ir **coverto** polo que se recomenda usar un traxe que permita nadar cubríndoo.
- Se non te sintes ben non compitas e se tes calquera incidencia ou te atopas canso e decides retirarte na auga, levanta a man para que te recolla unha embarcación.

CONTROL DE MATERIAL

- Para acceder ao control de Material é imprescindible :

- **IDENTIFICARSE CON DOCUMENTO OFICIAL CON FOTO (DNI, licenza,...)**
- Bicicleta e Material regulamentario para probas con "drafting permitido "
- Casco con certificación para uso ciclista.
- O casco debe estar posto sobre a cabeza e abrochado.
- Gorro
- Dorsal de corpo, Casco, Bicicleta e bolsa/ gardarroupa colocados.
- Chip

***** (O dorsal é obrigatorio nos segmentos de ciclismo ás costas e carreira a pé ao fronte)***

Recoméndase levar goma ou porta dorsal

- **Dentro da transición:**

- Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal. *(Respectar espazo regulamentario)*
- Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
- Só se pode deixar material para competir en transición.
- Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos /as oficiais.

- **Gardarroupa:**

- As bolsas deben estar identificadas co número de dorsal, tanto na T2 (centro Cultural Porriño) coma na T1 (furgoneta en Tui)

PROCEDIMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas colocaranse na zona de cámara de chamadas .

A saída será dende a praia

O Delegado Técnico indicará “aos seus postos” e procederase á saída cando soe a bocina


Cinco minutos despois será a saída feminina.

SAIDA IRREGULAR-

Se un/ha deportista se adianta á saída será penalizado/a con 10" en transición

PERCORRIDOS - 1º SECTOR - NATACIÓN

1 volta de 750 m



TRANSICIÓN 1

-Respecta o carril delimitado de conos. Segue polo pasillo lateral ata o final da transición . Circula sempre polo corredor onde tes o dorsal para dirixirte á túa bicicleta.


-Non cruces por debaixo das barras .

- Colle o casco e colócao correctamente antes de sacar a bicicleta do soporte.

“CASCO POSTO E ABROCHADO SEMPRE QUE TES CONTACTO COA BICI”


- Coa bicicleta na man diríxete á saída de transición. Respecta os conos á túa esquerda. Non te montes nela ata que cho indique un oficial, na liña de montaxe marcada unha vez saes da Comandancia Naval, á dereita.

TRANSICIÓN 1




PERCORRIDOS - 2º SECTOR - BICICLETA

1 volta de 20,2 Km



PRECAUCIÓN

- * En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermelha.



TRANSICIÓN 2

- Desmonta da bicicleta antes da liña de desmontaxe. Esta estará marcada, antes da transición, un oficial indicará que baixes.


Coa bicicleta na man diríxete á túa posición . Circula sempre polo corredor onde tes o dorsal. Non cruces por debaixo das barras

Coloca a bicicleta no soporte antes de retirar ou despechar o casco.

“CASCO POSTO E ABROCHADO SEMPRE QUE TES CONTACTO COA BICI”


- Diríxete á saída da transición para iniciar a carreira a pé

TRANSICIÓN 2




PERCORRIDOS - 3º SECTOR - CARREIRA

2 voltas de 2500 m



META



META E POSTMETA

Unha vez cruces a liña de meta non te deteñas, continúa ata a pos meta onde recibirás o avituallamento final.

Diríxete directamente á transición, recolle o teu material e abandona a zona.

Revisa a clasificación. Se tes premio achégate á praza diante do Concello ás 18:30 está prevista a entrega.

CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓNS

A Cronometraxe da proba será electrónica. Realizarase con chip que se entregará no rexistro e terá que ser devolto unha vez conclúa a proba

– Unha clasificación provisional será publicada para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas. <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

PREMIOS

–Entregaranse trofeos ás 3 primeiras persoas clasificadas, masculinas e femininas das categorías

Absoluta (Xeral)

Xuvenil

Junior

Veterano

- Trofeo para o primeiro e primeira corredores locais.

As entregas de premios faranse inmediatamente rematada cada proba, no horario marcado e co protocolo establecido

*** (Normativa Covid- O/a Deportista ou club que non poida estar na entrega de premios deberá informar ao Xuíz Árbitro ao remate da proba ou seralle de aplicación o Art. 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono*

PERCORRIDOS VIRTUAIS

Os percorridos cos fluxos e os puntos de interese poden consultarse no mapa interactivo, picando na ligazón seguinte:

<https://racemapp.com/recorrido/701-triatlon-popular-porrino-tui-distancia-sprint>

PREVISIÓN
METEOROLÓGICA

Temp.

Tempo

SÁBADO

20º-25º



Incrementa a inxesta de líquidos. Prepara o botellín para beber na bicicleta.
Permanece á sombra cando non esteas competindo.

!! BOA SORTE !!

